

RESUMO DE NOTÍCIAS

1º TRIMESTRE 2013



EsCULcA SOLICITA A INTERVENCIÓN DA DEFENSORÍA DEL PUEBLO

Nova vulneración de dereitos no cárcere da Lama

06/01/2013

O pasado 3 de xaneiro, EsCULcA enviou escrito á Defensoría del Pueblo en que solicita se tomen as medidas precisas para restaurar o dereito á saúde dun interno do cárcere da Lama a quen foi suprimida medicación pautada por especialistas sen que se tivese producido modificación no estado do interno ou no diagnóstico que xustifique esa supresión.

<http://mail.esculca.net/web/node/3411#.UWfgrpDdwI3g>



DRAMÁTICAS CONSECUENCIAS DA IMPUNIDADE

Funcionários de Teixeira denunciados por torturas

06/01/2013

O 17 de dezembro do pasado ano, A.P.R., actualmente interno na Lama, apresentou denuncia contra varios funcionarios do cárcere de Teixeira por torturas e falta de asistencia médica adecuada. A violencia da agresión de que foi vítima provocou-lhe unha hemorraxia interna, a fractura de dous arcos costais e a rotura do baço, que tivo de ser extirpado.

<http://mail.esculca.net/web/node/3413#.UWfgfjdwI3gc>



DEREITO DE EXPRESIÓN

Absolven acusado de delito de injurias a un xuíz

08/01/2013

As declaracións de Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, recriminando ao xuíz Fraga Mandián o incumprimento da Lei de Normalización Lingüística, incorporadas polo maxistrado á súa denuncia, foron realizadas no exercicio do dereito á liberdade de expresión, afirma a sentenza que absolve Callón dun delito de injurias.

<http://mail.esculca.net/web/node/3418#.UWfgWDdwI3g>



A TVG VULNERA DIREITO À PRESUNÇÃO DE INOCÊNCIA

Moço detido em Ames denuncia torturas

08/01/2013

Segundo diferentes fontes, H.M.P., detido na noite do 7 de janeiro em Ames, teria denunciado durante o registo da sua vivenda ter sido objeto de ameças e torturas. A informação emitida polos noticiarios da RTVG vulnerou o dereito à presunção de inocência do jovem e doutras persoas detidas com anterioridade, algunha delas em liberdade sem cargos.

<http://mail.esculca.net/web/node/3419#.UWfgNTdwI3g>



CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

Dúbdas sobre legalidade de decreto da Xunta

09/01/2013

O Consello Consultivo dubida da legalidade da introdución de "criterios complementares" establecidos polos centros educativos para a admisión do alumnado que contempla o novo decreto de escolarización aprobado pola Xunta. Lembra que no debate do Consello Escolar de Galicia xa afloraran criterios relacionados coa formación relixiosa ou moral.

<http://mail.esculca.net/web/node/3421#.UWfgDjdwI3g>



DENUNCIAN VIOLACIÓN DOS DEREITOS DO POBO PALESTINO

Galiza: sindicatos únense á campaña global BDS

09/01/2013

UGT, CCOO, CIG, CNT, CUT, COG, SL, STEG, SF asinan un manifesto en apoio da campaña global de Boicote, Desinvestimento e Sancións a Israel. Denunciarán aquelas institucións e empresas galegas que nas súas actuacións antepoñan intereses económicos, políticos ou doutra índole aos dereitos do pobo palestino e colaboren ou lexitimen a ocupación colonial de Palestina.

<http://mail.esculca.net/web/node/3423#.UWff6jdwI3g>



DETIDO EN AMES

EsCULcA reclama levantamento de incomunicación

14/01/2013

Con data 10 de Xaneiro EsCULcA enviou burofax ao Xulgado de Instrución núm. 4 da AN instando a non aplicación do réxime de detención incomunicada, e no seu caso, a aplicación do "Protocolo Garzón", a Don Adrián Mosquera Pazo, quen, segundo información recollida por diversos medios, fora detido en Ames o 7 de xaneiro e manifestara ter sido vítima de torturas.

<http://mail.esculca.net/web/node/3434#.UWffwzdwI3g>



CONCELLO DE COMPOSTELA

Obstáculos á manifestación de Queremos Galego

16/01/2013

Queremos Galego fixo público un comunicado en que denuncia que o Concello de Compostela exige á plataforma o depósito dunha fianza de 600 euros antes de autorizar a instalación da infraestrutura necesaria para o acto final da manifestación convocada para o próximo 27 de xaneiro. Lembra que en maio xa gañou nos xulgados un recurso contra o concello.

<http://mail.esculca.net/web/node/3436#.UWffXDdwI3g>



CONCELLO DE COMPOSTELA

Obstáculos á Xuntanza Antiprohibicionista

17/01/2013

"Ante a solicitude da Xuntanza Antiprohibicionista do uso da Carballeira de Santa Susana para celebrar a tradicional festividade de San Kanuto a resposta do Concello é que para poder utilizar un espazo dedicado a celebración de festas nesta cidade (zona de pulpeiras da Alameda) debemos depositar unha fianza de 1200 euros", denuncia a asociación organizadora.

<http://mail.esculca.net/web/node/3439#.UWfffjdwI3g>



MÚSICO E LUTHIER DE COMPOSTELA

Denuncia que a policía lle fracturou varias falanxes

18/01/2013

R.V. denuncia ter sido agredido na madrugada do 10 de xaneiro por un axente da Policía Municipal de Compostela. O denunciante afirma que a agresión (con resultado de escordaduras na mao esquerda e 4 falanxes fracturadas na dereita) foi a resposta do axente a un comentario seu sobre a falta de xustificación da identificación a que era sometido o grupo.

<http://mail.esculca.net/web/node/3444#.UWffDDdwI3g>



EsCULcA RECLAMA ACTUAÇOM URGENTE DO JULGADO

Possível novo caso de tortura no cárcere da Lama

20/01/2013

EsCULcA reclama actuaçom urgente do Julgado de Guarda de Ponte Vedra num novo caso de alegadas torturas a um interno do centro [penitenciário](#) da Lama. As numerosas denúncias de que é objeto este cárcere polas péssimas condicións de habitabilidade e o agresivo comportamento dos funcionarios levou recentemente à D.P. a cursar unha visita de inspeçom.

<http://mail.esculca.net/web/node/3445#.UWfe6TdwI3g>



CONTRA VULNERACIÓN DE DEREITOS DE PERSOAS PRESAS

Iniciativas parlamentares

25/01/2013

Membros da Plataforma Que Voltem á Casa reuníronse o pasado día 23 con representantes dos grupos parlamentares do BNG e AGE para os informar da situación das nove persoas independentistas presas noutros tantos cárceres do Estado Español e entregarlles documentación sobre as detencións incomunicadas, o abuso da prisión preventiva, a dispersión e o réxime carcerario.

<http://mail.esculca.net/web/node/3457#.UWfeqzdwI3g>



SENTENZA FAVORÁBEL DO CONTENCIOSO

Allariz cobrará o IBI á igrexa católica

26/01/2013

O Xulgado do Contencioso administrativo nº2 de Ourense fallaba esta quinta feira a favor do Concello de Allariz na súa decisión de cobrar o IBI á igrexa católica. A equipa municipal poderá a partir de agora gravar aqueles bens propiedade da igrexa que fican fóra dos supostos recollidos polo Concordato e que até agora eran eximidos de pagar este imposto.

<http://mail.esculca.net/web/node/3458#.UWfeiDdwI3g>



CONTROLARÁ PERSOALMENTE O CUPO DE CONVITES

A presidenta restrinxo o acceso à cámara galega

26/01/2013

Pouco máis dun mes despois de que o legislativo rexional madrileño prohibise o acceso da cidadanía ás súas tribunas durante os pleno para evitar as protestas a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, vén de tomar unha decisión moi semellante. De agora en diante, ninguén presenciara un pleno sen a súa autorización.

<http://mail.esculca.net/web/node/3459#.UWfeajdwI3g>



O ELEVADO CUSTO DO ENSINO CONFENSIONAL

Mais para relijom e menos para comedores e bibliotecas

27/01/2013

As verbas destinadas a impartir materias religiosas no ensino primario e secundario som das poucas que aumentaron este ano en relacion as do ano anterior. Os 27,7 millóns de euros deses capitulo dos orçamentos de 2013 equivalen ao total do que o goberno investe nos insuficientes refectorios escolares onde pretende impor o pagamento ao 50% do alunado.

<http://mail.esulca.net/web/node/3460#.UWfeNTdwI3h>



RECLAMAN DERROGACIÓN DO REAL DECRETO 25/3/11

Denuncian malos tratos no cárcere da Lama

27/01/2013

Un grupo de familiares e persoas amigas e solidarias cos presos e presas, denuncia que nos módulos XIV e XV do C.P. da Lama se practican torturas e malos tratos de maneira sistemática. Citan o caso de M.T.F., que permanece alxemado á cama desde hai varias semanas e seria obxecto de vexacións constantes despois de ter sido agredido por funcionarios.

<http://mail.esulca.net/web/node/3462#.UWfeADdwI3g>



NOELIA COTELO, PRESA GALEGA EN BRIEVA

Denuncian reiterados malos tratos a presa galega

28/01/2013

Sob o lema "Solidariedade urxente con Noelia Cotelo", familiares e persoas amigas acaban de lanzar unha campaña para conseguir a volta a casa desta presa galega que, segundo informan, comezou unha folga de fame o pasado 1º de novembro para protestar polos reiterados malos tratos físicos e vexacións sexuais a que a submeten funcionarios do cárcere de Brieva.

<http://mail.esulca.net/web/node/3464#.UWfd3TdwI3g>



O ENTRAMADO INTERIOR

Unha visión desde dentro do cárcere

29/01/2013

O próximo 30 de xaneiro, às 20:30, no local da Ghavilla Anarquista, terá lugar unha conferencia sob o título “Charra. Unha visión desde dentro”. O acto contará coa participación dunha persoa que pasou máis de 20 anos cumprindo condena en diferentes penais e mostrará, desde a súa experiencia, o entramado dos centros penitenciarios. Máis información [aquí](#).

<http://mail.esculca.net/web/node/3468#.UWfduDdwI3g>



ORGANISMOS DE DD.HH. RESPALDAN A DENUNCIA

Presentan denuncia por malos tratos a Noelia Cotelo

30/01/2013

Dolores Riveiro Lois presentou o pasado 25 de xaneiro denuncia na Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias e na Defensoría del Pueblo contra funcionarios do cárcere de Brieva (Ávila) por malos tratos á súa filla, Noelia Cotelo Riveiro. A denuncia está respaldada por organismos de defensa dos dereitos humanos que reclaman medidas urxentes.

<http://mail.esculca.net/web/node/3469#.UWfdlDdwI3g>



NA RECEPCIÓN DE ATLETAS DOS XOGOS OLÍMPICOS

Multa por reprochar á policía actuación violenta

31/01/2013

A Subdelegación do Goberno en Pontevedra atribuí unha "falta grave" e impón unha multa de 600 euros a un particular que recriminou aos axentes o trato dado a un fotógrafo que cobraba a chegada da expedición galega dos Xogos Olímpicos de Londres. O afectado afirma que se limitou a "tentar mediar" ao ver a "barbaridade que se cometía contra o fotógrafo".

<http://mail.esculca.net/web/node/3471#.UWfdbzdwI3g>



MONFORTE E MONDOÑEDO

Mais concellos galegos cobrarán o IBI á igrexa católica

02/02/2013

O precedente creado pola sentenza favorable ao Concello de Allariz, que lle permite cobrar o IBI aos edificios da Igrexa non destinados ao culto, vén de abrir a vía para que outros municipios galegos ultimen xa o cobro deste tributo. Así, son xa varias localidades que, ao igual que a alaricana, iniciaron os trámites para o aplicar a estas propiedades eclesiásticas.

<http://mail.esculca.net/web/node/3482#.UWfdIzdwI3g>



CON RESULTADO DE LESIÓNS NAS DÚAS MANS

Denuncia por agresión axente da policía de Compostela

03/02/2013

O músico e luthier Roi Vázquez acaba de presentar nos xulgados de Compostela denuncia contra o axente que alegadamente o agrediu sen xustificación na madrugada do pasado 10 de xaneiro provocando a fractura de varias falanxes. Estas lesións impedirán o músico desenvolver o seu traballo durante varios meses e poden deixarlle secuelas permanentes.

<http://mail.esculca.net/web/node/3485#.UWfc8zdwI3g>



DENUNCIA O COMITÉ DE EMPRESA

Manipulación informativa na TV pública galega

06/02/2013

Os traballadores da TVG volven denunciar a "manipulación dos informativos" da canle pública. A través dun comunicado, o comité de empresa denuncia as "presións e intervencións" que, segundo alertan, reciben os profesionais do medio. Esta situación "agravouse nos últimos meses por mor de casos como o Pokemon ou o chamado caso Bárcenas".

<http://mail.esculca.net/web/node/3492#.UWfcuzdwI3g>



EN PERIGO DE COMA HIPOGLUCÉMICO

Campaña de solidariedade urxente con Noelia Cotelo

06/02/2013

A Asociación de Familiares e Amig@s de Persoas Presas (AFAPP) informa da grave situación en que se encontra a presa galega Noelia Cotelo, interna no penal de Brieva, a consecuencia da folga de fame que mantén desde o 8 de xaneiro en reivindicación dos seus dereitos. O colectivo pede mostras de solidariedade urxente para evitar consecuencias irreversíbeis.

<http://mail.esculca.net/web/node/3493#.UWfcljdwI3g>



EN VIGO E COMPOSTELA

Palestras contra a discriminación racial

06/02/2013

Varios colectivos galegos (*Foro Galego da Inmigración, Grupo de Axitación Social, ODS-Coia* e o *Proxecto Raias Travesoiras*) organizan entre o 8 e 9 de febreiro unha rolda de palestras con membros do grupo madrileño *Ferrocarril Clandestino*, un colectivo que explora as consecuencias que as fronteiras teñen nas nosas vidas, nomeadamente das persoas migrantes.

<http://mail.esculca.net/web/node/3494#.UWfccDdwI3g>



NOVAS DENÚNCIAS DE FAMILIARES E AMIGOS

Continúan aos malos tratos a presa galega en Brieva

11/02/2013

Segundo informa a Asemblea de Familiares e [Amig@s](#) das Persoas Presas (AFAPP), N.C. tería sido vítima novamente de ameazas e malos tratos no penal de Brieva, onde mantivo recentemente unha folga de fame en protesta polas duras condicións a que é submetida e en demanda do seu traslado a un cárcere de Galiza, onde reside e ten familia.

<http://mail.esculca.net/web/node/3501#.UWfcNDdwI3g>



NO ENCERRO DE ESTUDANTES NA BIBLIOTECA NODAL

Menor teria sido ameazada por policía en Ourense

13/02/2013

Os feitos terían acontecido a noite do 6 ao 7 de febreiro, despois d axentes da Policía entraren nas instalacións da Biblioteca Nodal de Ourense, onde un grupo de estudantes decidiran encerrarse durante unha noite como forma de protesta contra a política do goberno en materia educativa e no cadro dos actos reivindicativos contra a Lei Wert que mantén o alumnado.

<http://mail.esculca.net/web/node/3505#.UWfb6TdwI3g>



SEN INDEMNIZACIÓN

Prisión preventiva superior á condena firme

21/02/2013

Catro e dous anos de prisión son as penas impostas pola maxistrada do xulgado do Penal nº1 de Vigo contra T.V. e M.N. respectivamente, os dous sindicalistas xulgados por danos a unha oficina do INEM en 2010. Por esta condena, M.N. non tería que ingresar no cárcere, no entanto non será indemnizado por ter cumprido xa 17 meses en prisión preventiva fora de Galiza.

<http://mail.esculca.net/web/node/3521#.UWfbmjdwI3g>



EN CONFLITO POR IMPAGO DE NÓMINAS

Xulgado sindicalista por inxurias, ameazas e coaccións

25/02/2013

O 24/02/2013 celebrouse no xulgado de instrución nº 2 de Ourense o xuízo verbal por alegada comisión de faltas de inxurias, ameazas e coaccións contra APC, sindicalista da CIG. A denuncia deriva do conflito [laboral](#) xerado en Amencer Reciclado SLU, en que traballan numerosas persoas con discapacidade, por a empresa deber xa sete nóminas a empregados e empregadas.

<http://mail.esculca.net/web/node/3530#.UWfbczdwI3g>



DENUNCIAM COLECTIVOS SANITÁRIOS E DE APOIO A MIGRANTES

Menores e mulleres grávidas sem asistencia médica

01/03/2013

Cinco meses despois da entrada en vigor do Programa Galego de Protección Social à Saúde Pública, cinco colectivos denuncian numerosos casos de falta de atención médica a persoas en situación administrativa irregular, incluídas mulleres grávidas e menores de idade. Das potenciais 9000 persoas que poderían acoller-se a norma, até o momento só o tiveron 300.

<http://mail.esculca.net/web/node/3533#.UWfbRjdwI3g>



INCREMENTAN AS DÚBIDAS SOBRE AS ACTUACIÓNS DO XULGADO DE BETANZOS

Novo arquivo de denuncia por torturas no CP de Teixeira

03/03/2013

O xulgado de instrución tres de Betanzos ditou o pasado 8 de xaneiro auto de arquivo no procedemento penal seguido contra funcionarios da prisión de Teixeira por lesións e tortura a A.P.M.. A pesar do testemuño da única persoa que presenciou os feitos, a xuíza xustifica as feridas alegando necesidade de reducir o preso. EsCULcA figura como acusación popular.

<http://mail.esculca.net/web/node/3538#.UWfbFDdwI3g>



APARECEN NUN VÍDEO FESTIVO CON FOTOGRAFÍAS DE PERSOAS PRESAS

Imputadas 4 persoas por "enaltecedemento do terrorismo"

08/03/2013

O vídeo musical, gravado nas rúas da Xinzo de Limia para conmemorar os sete anos de actividade do centro social Aguilhoar, mostra fotografías de persoas independentistas presas que nunca foron condenadas por pertenza a organización terrorista. A pesar diso a fiscalía entende que a súa exhibición pode ser considerada "enaltecedemento do terrorismo".

<http://mail.esculca.net/web/node/3548#.UWfa4DdwI3g>



CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DA SOLIDARIEDADE

"Salvemos a Hospitalidade" no Parlamento Galego

11/03/2013

O pasado 5 de marzo, o Foro Galego de Inmigración entregou aos grupos do Parlamento Galego o texto "Salvemos a Hospitalidade" coa solicitude de que sexa levado a debate en pleno. A moción pretende conseguir unha mudanza no Anteproxecto de Modificación do Código Penal presentado polo Ministerio de Xustiza no referente ao artigo 318 bis.

<http://mail.esculca.net/web/node/3551#.UWfauzdwI3g>



EM PRISOM PREVENTIVA FORA DA GALIZA DESDE 2012

Actos em solidariedade com Xurxo Rodríguez Olveira

12/03/2013

Colectivos de apoio a persoas presas convocam diversos actos de apoio a Xurxo Rodríguez Olveira, que será julgado o próximo 15 de marzo nos juzgados de Compostela. O jovem foi trasladado desde o penal de Alcalá-Meco, onde está em prisom preventiva desde setembro de 2012, ao cárcere de Teixeiro numha viagem que se prolongou 5 dias e durante a qual nom pudo comunicar com a familia.

<http://mail.esculca.net/web/node/3552#.UWfamDdwI3g>



CELEBRA O ANIVERSARIO DUN CENTRO SOCIAL DO XINZO

EsCULcA pede o arquivo do procedemento por un vídeo

13/03/2013

O pasado 11 de marzo, EsCULcA dirixiu escrito à Fiscalía da Audiencia Nacional para solicitar arquivo das dilixencias preprocesuais abertas a catro persoas pola gravación dun vídeo en que aparecen fotografías de persoas imputadas por actos de diversa natureza. O vídeo é parte das actividades con que un Centro Social do Xinzo celebra o seu aniversario.

<http://mail.esculca.net/web/node/3553#.UWfadTdwI3g>



XORNADAS DA CPDT EN COMPOSTELA – ORGANIZA EsCULcA

Cámara oculta: novas políticas de violencia institucional

14/03/2013

"Cámara oculta: novas políticas de violencia institucional" é o título das xornadas anuais da Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura (CPDT) que este ano decorrerán en Compostela, organizadas por EsCULcA, os próximos días 22 e 23. As palestras e debates terán lugar no salón de actos do Colexio de Avogados e a entrada é libre.

<http://mail.esculca.net/web/node/3554#.UWfaUDdwI3g>



CADERNO DE ANÁLISE COORDENADO POR EsCULcA

"Restrición das liberdades na Galiza: o visíbel e o oculto"

14/03/2013

Na edición do 15/03, o Caderno de Análise que publica o semanario Sermos Galiza é dedicado ao exame das restricións que sofren as liberdades. O monográfico, coordinado por EsCULcA, incluí artigos de análise das políticas restritivas dos gobernos e o papel dos organismos internacionais, así como testemuños das persoas afectadas por esta situación.

<http://mail.esculca.net/web/node/3555#.UWfaLzdwI3>



A INSTITUCIÓN PENITENCIARIOS E O PENAL DE BRIEVA

EsCULcA reclama o traslado de Noelia Coteló a Galiza

21/03/2013

En apoio á campaña polo traslado de Noelia Coteló, presa galega que padece dispersión desde hai cinco anos, a un cárcere próximo ao seu lugar de orixe na Galiza, EsCULcA enviou hoxe escrito á Secretaría de Institucións Penitenciarias e á Xunta de Tratamento do penal de Brieva. Quen quixer apoiar esta petición encontrará abaixo modelo de escrito.

<http://mail.esculca.net/web/node/3561#.UWfaCDdwI3g>

Galiza, abril de 2013

<http://mail.esulca.net/> - esulca@esulca.net